3. Explicarase a nova técnica, o novo contido, a nova forma de expresión, as estratexias necesarias para executar a tarefa con éxito
4. Cerciorarémonos de que nos entenderon facendo preguntas, animando a que plantexen dúbidas, intentando que o fagan sempre en inglés (de todos os xeitos nunca se deterá a comunicación).
5. Execución da tarefa proposta.
6. A profesora axudará, dará ideas, suxerencias, animaráos a correr riscos para mellorar a técnica aprendida, para mellorar a competencia en Lingua Inglesa.
7. Exposición da mesma ao grupo clase ou ao colexio.
8. Expresión oral, ao resto dos compañeiros e á profesora, das dificultades con que se atoparon na execución.
9. Preguntas dos outros nenos. Expresión oral das opinións que lles merece a obra ou a dramatización presentada, sempre con respecto pero con honestidade.
10. Autoavaliación. As dificultades como medio de aprendizaxe.
11. En caso de ensino semipresencial ou telemático, utilizaranse recursos dixitais e en liña como correo electrónico, material audiovisual, videoconferencias e plataformas educativas da Xunta para confeccionar tarefas e comunicarse cos pais dos alumnos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital, ordenador con diferentes aplicacións e programas, altofalantes
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Imaxes de obras artísticas famosas que estemos a traballar
Bloc de debuxo, cartulinas, lapiceiros, pasta de modelaxe
Aula virtual

Temos unha aula propia de Arts and Crafts no noso centro educativo. É unha aula con amplos ventanais que permiten a entrada de luz natural, e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cun ordenador conectado a pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula en diferentes mobles e estanterías perfectamente etiquetados. O material compártese entre todo o alumnado de 1º a 6º, o cal nos permite ter unha ampla variedade.

O alumnado deberá coidar e limpar o material que use.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Preténdese saber os coñecementos previos do noso alumnado que nos indique o punto de partida.

Empregaremos os seguintes instrumentos para levar a cabo a avaliación inicial:

1. Elaboración en plastilina dun elemento de cadanseu centro de interese tratado o ano pasado.
2. Expresión oral dando a súa opinión sobre a súa creación artística e a dos seus compañeiros, empregando as estruturas gramaticais aprendidas o curso anterior.
3. Identificación do vocabulario básico aprendido.
4. Escoller entre diferentes materiais nos que se sintan máis seguros para crear un produto artístico

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	25	25	25	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Incremento da súa capacidade expresivo comunicativa constatable a través das súas manifestacións artísticas. 40%
 Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto. 10%
 Uso do vocabulario específico en lingua inglesa no día a día. 20%
 Actitude positiva ante o traballo propio e o dos outros. Vontade de superación. 30%

Criterios de recuperación:

1. Repaso do vocabulario básico.
2. Reorganización dos hábitos de traballo.
3. Relacionar palabra e imaxe.
4. Repetición das técnicas aprendidas

6. Medidas de atención á diversidade

Terase preparada unha batería de actividades adaptadas para aqueles nenos e nenas que precisen Reforzo Educativo ou ACS. Estarase en contacto co Departamento de Orientación e o profesor titor.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.2 - Respeto á individualidade e as diferentes formas de expresión plásticas	X	X	X	X
ET.3 - Pensamento crítico	X	X	X	X
ET.4 - Aceptación da diversidade	X	X	X	X
ET.5 - Capacidade de comunicación	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.7 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a paz	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións dos traballos realizados	En diferentes espazos comúns do centro	X	X	X
Colaboración ca revista do centro	Comunicación ca revista do centro		X	X

Observacións:

Colaboración e participación no proxecto sobre o teatro que se está levando a cabo a través dos distintos equipos no noso centro educativo.

Actividades complementarias e extraescolares planificadas polo centro e relacionadas coa área de Plástica, como a visita a museos, exposicións, obras musicais, teatros...

Participación en festividades como o Nadal, o Entroido, Halloween (Samaín), Día da paz...

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
Metodoloxía empregada
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

Descrición:

Avaliación do proceso de ensino e práctica docente

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Reflexión obxectiva sobre os resultados acadados e o desenvolvemento das actividades propostas coa intención de mellorar.

Observación constante do proceso de ensino-aprendizaxe.

Comunicación fluída entre os membros do equipo docente coa intención de coordinarse e compartir experiencias que optimicen a programación.

Escoita das opinións dos nenos e nenas coa finalidade de axustar os obxectivos da programación coa realidade das aulas.

9. Outros apartados

1. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DO CENTRO.

Poñer á disposición do alumnado libros en formato papel e dixital relacionados coa Historia da Arte Universal e Historia da Arte Galega. Estar en contacto co Equipo de Biblioteca do centro para dar e escoitar suxerencias á hora de comprar novos recursos.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001471	CEIP Praia Xardín	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	9
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	11
9. Outros apartados	12

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A programación didáctica que se presenta vai dirixida ao alumnado de 1º de Educación Primaria do CEIP Praia Xardín (Boiro, A Coruña). O grupo está formado por un total de 10 alumnos/as de idades comprendidas entre os 6 e os 7 anos; é un grupo heteroxéneo, cada un cos seus ritmos, intereses e estilos de aprendizaxe propios, polo que se primará unha atención individualizada.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. En concreto, a temática de traballo nesta área xirará en torno ás emocións.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coñecemos as emocións.	Nesta primeira unidade os nenos e nenas terán un primeiro contacto coas emocións. Centrarémonos en que os e as estudantes coñezan os nomes a algunha característica das emocións básicas.	20	10	X		
2	Identificamos as emocións.	Nesta segunda unidade traballaremos o recoñecemento e identificación de emocións propias e alleas.	35	10		X	
3	Xestionamos as emocións.	Nesta Unidade afondaremos nas estratexias de xestión emocional. Tamén se realizará a elaboración do produto final e presentación do mesmo.	45	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coñecemos as emocións.	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia das emocións.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Selecciona recursos e materiais para a realización das actividades propostas.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identifica e selecciona a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Realiza as actividades cumprindo coa temporalización que se presenta.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventa, con axuda, as incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	Identificamos as emocións.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa en data as actividades e tarefas planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos axeitados na realización das tarefas propostas.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega os recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolve, con axuda, as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	Xestionamos as emocións.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta as dinámicas de xestión emocional realizadas na aula no marco da materia.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal e a presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega diferentes tipos de recursos na presentación do produto final.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o proxecto "Emociónate".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

As agrupacións para a realización do proxecto irán variando ao longo do curso, en función das actividades e tarefas a realizar. Na primeira e na segunda avaliación as actividades realizaranse en gran grupo e de maneira individual; pola contra, na terceira avaliación o agrupamento máis empregado será o traballo en equipos cooperativos, aínda que tamén se realizarán algunhas accións en gran grupo.

A continuación expóñense os rasgos xerais do traballo en cada unha das avaliacións:

- Primeira avaliación: explícase a finalidade do proxecto. Traballaremos nesta área partindo dos coñecementos previos do alumnado sobre as emocións. O que se pretende neste momento é que os nenos e nenas se acheguen á temática traballada e coñezan e nomeen as emocións básicas. Realizaremos actividades como:

- Pon cara de (emoción).
- Películas/curtos e posterior traballo.
- Pintando a emoción.
- Escribindo a emoción.

- Segunda avaliación: neste momento, cando os nenos e nenas xa coñecen varias emocións e poden nomealas, pasaremos a traballar a identificación das emocións propias e alleas (seguindo esta orde lóxica, tendo en conta o nivel de dificultade). Entre as actividades a realizar atópanse:

- A ruleta das emocións.
- Onde está a emoción?
- E eu, que sinto? / E ti, que sentes?
- Proposta de situacións para identificar emocións.
- Películas/curtos e posterior traballo.

- Terceira avaliación: neste momento pasaremos a traballar a xestión emocional. Para iso, organizaremos aos nenos e nenas en equipos cooperativos. Cada un deles encargárase de elaborar un material para a xestión dunha emoción determinada. Finalmente, o produto final elaborado será presentado ante o resto dos compañeiros/as de 1º de primaria que non cursan esta materia. De ser posible, tamén se presentará dentro do ciclo e se expoñerá no corredor da escola.

A metodoloxía será activa e participativa. Como docente realizarei o papel de guía, potenciando que o alumnado estea motivado, co fin de que cada neno/a se implique no seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, sendo os e as protagonistas.

Os principios metodolóxicos que se seguirán son os seguintes:

- Partir do nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado, tendo en conta na proposta das tarefas o seu nivel de desenvolvemento motor, cognitivo e afectivo social.
- Partir do nivel de coñecementos dos nenos/as.
- Favorecer a construción de aprendizaxes significativas.
- Secuenciar as actividades, segundo a súa dificultade, ao longo do trimestre e do curso.
- Potenciar a autonomía do alumnado na súa aprendizaxe.
- Potenciar unha aprendizaxe vivencial.
- Ter en conta as características, intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe dos e das estudantes.
- Carácter lúdico das actividades de ensino-aprendizaxe.
- Favorecer as comunicacións interpersoais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos impresos (fichas, debuxos...)
Materiais manipulativos (plastilina, tarxetas cás emocións, ruleta, cariñas...)
Materiais (preferentemente de refugallo) para a elaboración do produto final.
Material funxible de aula (libretas, goma eva, cores, lapis, cartolinas, pegamento...)
Recursos TIC (ordenadores, aplicacións TIC, proxector, pizarra dixital)
Recursos humanos

Para levar a cabo o correcto desenvolvemento do proxecto, empregaremos os recursos materiais, recurso dixitais e recursos humanos recollidos anteriormente. En función das novas necesidades detectadas, poderán empregarse máis materiais dos que foron incluídos neste apartado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo no primeiro mes do curso e terá en conta:

- O análise dos informes persoais do curso anterior.
- Outros datos obtidos polo profesorado sobre o punto de partida dende o que o alumnado inicia as novas aprendizaxes.

Dita avaliación inicial será o punto de referencia do equipo docente para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e para a súa adecuación as características e coñecementos do alumnado.

O equipo docente, como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptará as medidas pertinentes de apoio, ampliación, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos e alumnas que o precisen.

Para iso, iniciaremos o curso con actividades para activar no alumnado os coñecementos e destrezas traballados con anterioridade, abordando os aspectos fundamentais que o alumnado debería coñecer ata o momento.

De igual modo, propoñerei actividades suficientes que me permitan coñecer o nivel de partida de cada estudante, co fin de realizar os axustes pertinentes no proceso de ensino-aprendizaxe, para adaptalo ás necesidades e características tanto do grupo como individuais para cada alumno ou alumna, de acordo co establecido no marco do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	35	45	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Para a avaliación de cada trimestre terase en conta:

- Traballo individual/produto final: 50% (presentación, orde, limpeza, cumprimento coa tarefa proposta, cumprimento de prazos, dominio dos contidos da materia, participación).
- Actitude cara a materia: 25% (interese, comportamento, atención, motivación).
- Traballo en gran grupo/traballo en equipos cooperativos: 25% (respecto, compañeirismo, participación, colaboración, implicación).

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo, serán deseñadas actividades de xeito específico, de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que, a medida que avance o curso, poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita.	X	X	X
ET.3 - Comunicación Audiovisual.	X	X	X
ET.4 - Competencia Dixital.	X	X	X
ET.5 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico.	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero.	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores.	X	X	X
ET.9 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X
ET.10 - Traballo en equipo.	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro de alimentación saúdable (outubro 2023)	Obradoiro de alimentación sa e equilibrada organizada polo concello. Duración: 1, 5 sesións.	X		
Celebración do Samaín (outubro 2023)	Celebración do samaín con actividades de centro e aula, como: creación de monicreques, tunel do terror, disfraces, pócimas en cabazas...	X		
Celebración do magosto (novembro 2023)	Celebración do magosto a nivel centro, coa degustación de castañas e xogos populares.	X		
Día Universal da infancia - 20/11/2023	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar a conmemoración.	X		
Día Internacional contra a Violencia de Xénero - 25/11/2023	Realizaremos diferentes actividades de aula e centro para celebrar a conmemoración.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día internacional das persoas con discapacidade - 03/12/2023	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar a conmemoración. Tamén a celebraremos acudindo ao "Festirititi".	X		
Festival de Nadal (decembro 2023)	Organizarase un festival a nivel centro para celebrar o nadal. A nivel aula, tamén realizaremos diferentes actividades sobre esta época do ano.	X		
Día internacional da Educación - 24/01/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar a conmemoración.		X	
Día escolar da non violencia e da Paz - 30/01/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula e centro para celebrar a conmemoración.		X	
Celebración do entroido - (febreiro 2024)	Realizaremos diferentes actividades de aula e centro para celebrar o entroido.		X	
Día de Rosalía de Castro - 23/02/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula e centro para celebrar a conmemoración.		X	
Día internacional da muller - 08/03/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula e centro para celebrar a conmemoración.		X	
Semana da prensa - 06/03/2024 a 10/03/2024	Realizaremos diferentes actividades sobre o tema e, un día da semana, traballaremos na aula con xornais.		X	
Día das artes galegas - 01/04/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar a conmemoración.			X
Día Internacional contra o acoso escolar 02/05/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula e centro para celebrar a conmemoración.			X
Día mundial da saúde - 07/04/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar a conmemoración.			X
Semana do libro - 17/04/2024 a 21/04/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula e centro para celebrar a conmemoración.			X
Semana das letras galegas- 15/05/2024 a 19/05/2024. Romaría das Letras	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar a conmemoración. A nivel centro, organizarase a Romería das Letras Galegas.			X
Día mundial do Medio Ambiente - 05/06/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar a conmemoración.			X

Observacións:

As actividades complementarias e extraescolares anteriormente recollidas, poderán sufrir modificacións en función das necesidades do grupo de 1º de primaria, do centro ou dos diferentes equipos organizadores.

Neste apartado tense en especial consideración o recollido na ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao longo do curso poderán realizarse outras actividades complementarias e extraescolares que non se atopan reflexadas anteriormente pero as cales se aludiran na memoria final de curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Procedementos de avaliación.
Grao de desenvolvemento das programacións docentes.
Adecuación dos apartados da programación ao alumnado.
Metodoloxía empregada
Aprendizaxes alcanzadas polo alumnado.
Eficiencia das medidas curriculares e organizativas.
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade aplicadas.
Clima de traballo na aula
Clima de traballo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación do equipo docente e relación co profesorado.
Coordinación do equipo docente co alumnado.
Coordinación do equipo docente coas familias.

Descrición:

Tal e como se recolle na Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, os e as mestras deberemos avaliar os procesos de ensinanza e a nosa propia práctica docente. Para iso empregaremos os indicadores de logro que se recollen anteriormente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación é un elemento flexible, que debe adecuarse á realidade do alumnado, polo que se introducirán melloras ao longo da súa posta en práctica. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

1. Responder as características do alumnado da aula.
2. Resultar útil para o uso docente na aula.
3. Seguimento da temporalización.

4. Consecución dos niveis mínimos de logro dos contidos de aprendizaxe traballados.
5. Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
6. Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
7. Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
8. Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
9. Realizar revisións periodicamente.
10. Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
11. Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para corrixir as dificultades.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001471	CEIP Praia Xardín	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	1º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A programación didáctica que se presenta vai dirixida ao alumnado de 1º de Educación Primaria do CEIP Praia Xardín (Boiro, A Coruña). O grupo esta formado por un total de 20 alumnos/as; é un grupo heteroxéneo, cada un cos seus ritmos, intereses e estilos de aprendizaxe propios, polo que se primará unha atención individualizada.

A área de Ciencias da Natureza resulta importante para o completo e correcto desenvolvemento do alumnado debido a que, grazas ao traballo nela, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, así como o funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

En Ciencias da Natureza os contidos están organizados en 4 grandes bloques, que son:

- Bloque 1. Cultura Científica.
- Bloque 2. A vida no noso planeta.
- Bloque 3. Materias, forzas e enerxía.
- Bloque 4. Tecnoloxía e dixitalización.

Os obxectivos da área iranse adquirindo de xeito progresivo ao longo de toda a etapa de Educación Primaria. Ditos obxectivos son:

- OBX1. Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.
- OBX2. Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.
- OBX3. Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.
- OBX4. Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, co coidado e coa protección das persoas e do planeta.
- OBX5. Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.
- OBX6. Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.

Para determinar o progreso e a medida de adquisición destes obxectivos, teremos que realizar unha avaliación, para isto teremos en conta os criterios de avaliación establecidos no currículo de Educación Primaria, para a comunidade autónoma de Galicia. Os criterios están formulados de modo competencial e vinculados con cada un dos obxectivos anteriormente definidos. Así mesmo, empregaremos diferentes instrumentos para avaliar. A avaliación de cada un dos trimestres e a final, terá varios compoñentes: traballo na aula, actitude, participación, probas obxectivas orais e

escritas... Cada un destes aspectos terá un peso (%) e coa suma de todos eles conseguiremos obter a nota final.

Así mesmo, para traballar na aula empregaremos unha metodoloxía activa e participativa, que sitúe ao alumnado no centro do proceso de ensino-aprendizaxe. Tamén teremos en conta a atención á diversidade, polo que será moi importante coñecer as características individuais de cada neno/nena, co fin de dar unha resposta educativa axeitada; neste sentido, dicir que se adecuarán as actividades aos estilos e ritmos de aprendizaxe e crearanse actividades de reforzo e ampliación.

Ao longo dos seguintes apartados da programación iremos afondando en cada un dos compoñentes curriculares: obxectivos e competencias, unidades didácticas, metodoloxía, avaliación, atención á diversidade, elementos transversais, practica docente... Co fin de deseñar unha programación que se adapte ás bases xerais do currículo e que teña en conta as necesidades e características do alumnado que vai a ser protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Facemos ximnasia		18	18	X		
2	Comemos con xeito		17	18	X		
3	Animais que viven con nós		17	18		X	
4	Unha ollada ao redor		16	17		X	
5	Aproveitar con xeito		16	17			X
6	Maquinarias		16	17			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Facemos ximnasia	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñece hábitos de vida saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso axeitado.	PE	40
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñece as principais partes do corpo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	60
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participa en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realiza un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballa en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades. - Identificación e descrición das partes do corpo humano. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
2	Comemos con xeito	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñece as principais partes do corpo e os órganos implicados nas principais funcións vitais.	PE	40
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Identifica as emocións propias e as dos demais.		
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	60
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participa en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realiza un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realiza programacións con aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballa en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna. - Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa¿). - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	Animais que viven con nós	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.	PE	40
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñece conexións entre os seres vivos do seu entorno.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosa hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formula preguntas sobre feitos e fenómenos próximos a través da observación.	TI	60
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Busca información de forma guiada para as súas investigacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participa en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utiliza dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realiza un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballa en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta. - Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese. - Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación. - Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada. - Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións. - Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes. - As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas. - Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
4	Unha ollada ao redor	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.	PE	40
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostra actitudes de respecto cara a natureza.		
No grupo ao que está dirixida esta programación non atopamos ningún alumno/a que precise dunha atención específica, por mor das súas características, para o correcto desenvolvemento das sesións na área de educación física.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X						
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X						
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación Vial								
ET.6 - Educación Ambiental	X							
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión Lectora	X	X
ET.2 - Expresión Oral e Escrita	X	X
ET.3 - Educación emocional e en Valores	X	X
ET.4 - Igualdade entre Homes e Mulleres	X	X

	UD 9	UD 10
ET.5 - Educación Vial	X	X
ET.6 - Educación Ambiental	X	X
ET.7 - Educación Para a Saúde	X	X
ET.8 - Aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico	X	X
ET.9 - Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito... e de calquera tipo de violencia.	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
O Magosto	Saída ao entorno natural do centro, Dentro do programa das actividades de celebración do magosto realizaremos actividades multideportivas no patio e zonas verdes do centro.			
Xogos Tradicionais	Saída do centro para unha xuntaza dos colexios da zona no parque municipal da Cachada para practicar e coñecer xogos populares e tradicionais como: Rá, Chave, Aro, Trompo, Tabas, Zancos,...			
Día da Paz	Realizarase unha xornada de xogos cooperativos.			
Día Mundial do Medio Ambiente	Realizarase unha saída ao entorno natural próximo ao centro para realizar unha pequena andaina e xogos nesa contorna.			

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Dende a Educación Física temos múltiples exemplos de actividades complementarias: visitas, traballos de campo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

Dende a área de Educación Física colaboramos cos outros equipos de dinamización do centro na realización das diferntes actividades Complementarias e Extraescolares propias da vida escolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Planificación: axeitada en número e duración das actividades, nivel de dificultade, interese para o alumnado, significatividade no proceso de ensino-aprendizaxe, obxectivos ben definidos,...
Contidos: secuenciación, estruturación e organización dando unha visión xeral de cada tema (que teñen que aprender, que é importante, etc.).
Metodoloxía empregada
Metodoloxía: aberta e flexible; agrupamentos; métodos e estilos de aprendizaxe, adaptarda ás características do alumnado e as circunstancias que xordan durante a práctica educativa.
Materiais: foron atractivos, suficientes, accesibles para todo o alumnado,...
Medidas de atención á diversidade
Atención á diversidade: pártese do nivel de desenvolvemento do alumnado e respéctanse as súas características individuais.
Clima de traballo na aula
Alumnado: conseguíuse motivalo, espertar a súa curiosidade, participación activa,...
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Interdisciplinidade: Planificación da propia área de forma coordinada co resto do profesorado (xa sexa por nivel, ciclo, equipos educativos e profesorado de apoio).
Elementos Transversais: as sesións traballan implicitamente temas transversais (comprensión lectora; resolución de problemas; igualdade; educación ambiental, para a saúde, para a paz, cívica e moral,...)

Descrición:

- Durante o propio proceso de ensino, sendo o seu fin reoríentalo cando o requira, por calquera motivo durante o transcurso da unidades didáctica.
- Ao final das unidades didácticas, dende unha perspectiva que contemple globalmente como se foi desenvolvendo a mesma, que proporcione información sobre a práctica docente no seu conxunto e que permita coñecer que aspectos da unidade poden ser mellorados.
- Trimestralmente, dende unha perspectiva global do trimestre para adoitar as medidas necesarias para a súa mellora se fose o caso.

Teremos en conta indicadores como o grao de adecuación dos obxectivos didácticos e selección de contidos, congruencia entre obxectivos didácticos e metodoloxía, presenza de estratexias pedagóxicas que respondan aos distintos intereses e ritmos de aprendizaxe, adecuación dos medios materias empregados, etc.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

As programacións didácticas deben incluír mecanismos de revisión, avaliación e modificación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Serán dous os procedementos principais de avaliación da programación.

O primeiro deles levado a cabo polo propio mestre a través da reflexión e autoanálise e a cumplimentación dunha escala de valoración na que se recollerá en que grao e medida se axustan os diversos elementos que compoñen a programación ás pretensións iniciais desta.

O segundo procedemento consiste en dar opinión ao propio alumnado que valorará a través dunha escala diferentes aspectos que se lle presentarán dunha forma sinxela para que sexan quen de aportar a súa opinión en forma de cualificación sobre o que se lle propón.

Os diferentes datos obtidos serán analizados en conxunto para seguir mellorando e así poder dar forma axeitada a posteriores programacións que teñen o seu reflexo no desenvolvemento e posta en práctica diaria en cada unha das sesións e actividades e polo tanto na consecución final dos obxectivos de etapa e das competencias clave.

Cos datos obidos estableceranse as propostas de mellora que serán recollidas na memoria final, así como os contidos que foi preciso engadir, eliminar ou modificar con respecto á programación prevista.

A programación é un documento vivo susceptible de ser modificado se as condicións o requiren para en todo momento, a ser posible, conteña as condicións necesarias para concluir con éxito o proceso de ensino e aprendizaxe.

Aspectos susceptibles de analizar como parte da revisión, avaliación e modificación da programación didáctica:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e temporalización das unidades didácticas.
- O desenvolvemento da programación respondeu a secuenciación e temporalización previstas.
- Aplicación metodoloxía didáctica acordada.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades extraescolares e complementarias previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TICs no desenvolvemento da materia.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001471	CEIP Praia Xardín	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	13
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	16
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

A programación didáctica que se presenta vai dirixida ao alumnado de 1º de Educación Primaria do CEIP Praia Xardín (Boiro, A Coruña). O grupo esta formado por un total de 20 alumnos/as; un grupo heteroxéneo, cada un cos seus ritmos, intereses e estilos de aprendizaxe propios, polo que se primará unha atención individualizada.

A área de Ciencias Sociais resulta importante para o completo e correcto desenvolvemento do alumnado debido a que, grazas ao traballo nela, o alumnado logrará adquirir un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

En Ciencias Sociais os contidos están organizados en 4 grandes bloques, que son:

- Bloque 1. Ciencia e tecnoloxía.
- Bloque 2. O mundo e o desenvolvemento sostible.
- Bloque 3. Vivir en sociedade.
- Bloque 4. Leccións do pasado.

Os obxectivos da área iranse adquirindo de xeito progresivo ao longo de toda a etapa de Educación Primaria. Ditos obxectivos son:

- OBX1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.
- OBX2. Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.
- OBX3. Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e as propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.
- OBX4. Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.
- OBX5. Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.
- OBX6. Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.
- OBX7. Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, aos dereitos humanos e da infancia e aos principios e valores do Estatuto de autonomía de Galicia, da Constitución española e da Unión Europea, valorando a función do Estado e das súas institucións no mantemento da paz e da seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.

Para determinar o progreso e a medida de adquisición destes obxectivos, teremos que realizar unha avaliación, para isto teremos en conta os criterios de avaliación establecidos no currículo de Educación Primaria, para a comunidade

autónoma de Galicia. Os criterios están formulados de modo competencial e vinculados con cada un dos obxectivos anteriormente definidos. Así mesmo, empregaremos diferentes instrumentos para avaliar. A avaliación de cada un dos trimestres e a final, terá varios compoñentes: traballo na aula, actitude, participación, probas obxectivas orais e escritas... Cada un destes aspectos terá un peso (%) e coa suma de todos eles conseguiremos obter a nota final.

Así mesmo, para traballar na aula empregaremos unha metodoloxía activa e participativa, que sitúe ao alumnado no centro do proceso de ensino-aprendizaxe. Tamén teremos en conta a atención á diversidade, polo que será moi importante coñecer as características individuais de cada neno/nena, co fin de dar unha resposta educativa axeitada; neste sentido, dicir que se adecuarán as actividades aos estilos e ritmos de aprendizaxe e crearanse actividades de reforzo e ampliación.

Ao longo dos seguintes apartados da programación iremos afondando en cada un dos compoñentes curriculares: obxectivos e competencias, unidades didácticas, metodoloxía, avaliación, atención á diversidade, elementos transversais, practica docente... Co fin de deseñar unha programación que se adapte ás bases xerais do currículo e que teña en conta as necesidades e características do alumnado que vai a ser protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Imos á escola.		18	16	X		
2	A cidade.		17	15	X		
3	Lixo ningún.		17	10		X	
4	Auga necesaria.		16	9		X	
5	Artistas con arte.		16	10			X
6	Os océanos.		16	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Imos á escola.	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.	PE	40
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establece acordos de forma dialogada respectando aos demais.	TI	60
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recolle información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostra actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos. - Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	A cidade.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñece conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.	PE	40
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identifica as institucións próximas.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.	TI	60
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respecta os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñece normas básicas como peóns.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular. - Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.

Contidos

- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.
- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
3	Lixo ningún.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.	PE	40
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñece conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recolle información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Busca información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada.	TI	60
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respecta os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostra curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

UD	Título da UD	Duración
4	Auga necesaria.	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.	PE	40
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respecta os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostra curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.	TI	60
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións. - Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo. - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
5	Artistas con arte.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordea temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.	PE	40
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñece persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñece conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.	TI	60
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respecta os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo. - A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As expresións e producións artísticas da contorna próxima. - Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.

UD	Título da UD	Duración
6	Os océanos.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utiliza dispositivos de xeito seguros cunhas instrucións.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostra curiosidade por obxectos, feitos ou fenómenos próximos.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Respecta os seres vivos do planeta, identificando as accións das persoas sobre o chan e a auga.		
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Respecta o patrimonio natural e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...). - Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo. - A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo. - Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes. - Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias. - Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos. - As expresións e producións artísticas da contorna próxima.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía será activa, participativa e terá carácter investigador, impulsando a aprendizaxe por experimentación e descubrimento. Como docente realizarei o papel de guía, favorecendo a observación-experimentación e potenciando que o alumnado estea motivado, co fin de que cada neno/a se implique no seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, sendo os e as protagonistas. Os principios metodolóxicos que se seguirán son os seguintes:

- Partir do nivel de desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado, tendo en conta na proposta das tarefas o seu nivel de desenvolvemento motor, cognitivo e afectivo social.
- Partir do nivel de coñecementos dos nenos/as, polo que se levarán a cabo dinámicas que nos permitan afondar nos coñecementos previos do alumnado, para comezar a traballar a partir deles.
- Favorecer a construción de aprendizaxes significativas, establecendo relacións entre os coñecementos previos e os novos a partir da verbalización, entre outros.
- Secuenciar as actividades, segundo a súa dificultade, ao longo do tema, do trimestre e do curso.
- Potenciar a autonomía do alumnado na súa aprendizaxe.
- Potenciar unha aprendizaxe vivencial, que requira a interacción e experimentación sobre o entorno máis próximo.
- Ter en conta as características, intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe dos e das estudantes.
- Perspectiva globalizadora, propoñendo tarefas que leven ao alumnado a establecer relacións entre os diferentes contidos.
- Carácter lúdico das actividades de ensino-aprendizaxe, mediante a incorporación de xogos educativos, materiais manipulativos e levando as TIC á aula.
- Favorecer as comunicacións interpersoais, por exemplo, potenciando os debates e reflexións grupais.
- Metodoloxía investigadora, que favorece a aprendizaxe por descubrimento.

A nivel da organización espacial da aula, dicir que os nenos e nenas están sentados en U para actividades en gran grupo e en grupos de 4 para traballar en equipo e cooperativamente.

A nivel da organización metodolóxica, en 1º de primaria realizamos tarefas variadas: experimentos, traballo co libro, actividades manipulativas, fichas, actividades TIC, recunchos de lingua/lengua e matemáticas... Polo xeral, a estrutura das sesións é a seguinte: reparto do material - explicación en gran grupo - traballo individual/parellas e resolución de dúbidas que poidan aparecer á corrección do traballo realizado (a medida que van rematando). A estrutura da sesión pode variar en función do tipo de actividades propostas. Así mesmo, co fin de dar una resposta axeitada ás necesidades de cada neno/a, propoñeranse actividades de reforzo e ampliación, adecuadas ás características persoais.

O libro de texto empregado na materia en 1º de primaria é "Imos con todo - Operación mundo" da editorial Anaya. Trátase dun libro de texto que inclúe actividades de Lingua Galega, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais. Estas están debidamente diferenciadas polo que, aínda que se empregue o mesmo libro de texto nas tres materias, na aula traballaremos e avaliaremos cada unha delas de maneira autónoma.

Finalmente, engadir que, como mestra, promoverei a implicación das familias na realidade educativa dos seus fillos e fillas, para o que será clave a comunicación escola-familia. A principal canle para o intercambio de mensaxes entre as familias e o equipo docente será a aplicación ABALAR. Tamén se poderá establecer comunicación a través do enderezo electrónico, de xeito telefónico ou de maneira presencial nas horas de titoría.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos impresos (caderno de exercicios, fichas...)
Materiais manipulativos (plastilina, tarxetas, cordas, legos, probetas, pipetas...)
Xogos educativos e didácticos (de tarxetas, de velcros, etc)
Material funxible de aula (libretas, lapis, cartolinas, pegamento...)
Recursos TIC (ordenadores, aplicacións TIC, proxector, aula virtual, pizarra dixital)
Recursos humanos (mestra titora, mestres/as especialistas, mestres con dispoñibilidade horaria, orientadora, coidadora, conserxe, e calquera membro da comunidade educativa que participe nas sesións)
Elementos do medio natural e social.
Material cotiá e de refugallo para realizar experimentos (globos, botellas, tapas, vinagre...)

Os recursos que imos empregar na aula na área de Ciencias Sociais son:

- Recursos materiais: inclúense os libros, cadernos de exercicios, útiles de escritura e outro material funxible (libretas, pegamento...), material impreso, xogos didácticos, material para a realización de experimentos e material manipulativo.
- Recursos dixitais: pizarra dixital, aplicacións TIC, aula virtual, proxector, ordenador...
- Recursos humanos: fan referencia ás persoas que participan no desenvolvemento da práctica educativa, entre as que se atopan a mestra titora, os docentes especialistas, a orientadora, os mestres con dispoñibilidade horaria que imparten apoio na aula, o conserxe, a coidadora, as familias e calquera membro da comunidade educativa que en algún momento participe nas sesións.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo no primeiro mes do curso e terá en conta:

- O análise dos informes persoais do curso anterior.
- Outros datos obtidos polo profesorado sobre o punto de partida dende o que o alumnado inicia as novas aprendizaxes.

Dita avaliación inicial será o punto de referencia do equipo docente para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e para a súa adecuación as características e coñecementos do alumnado.

O equipo docente, como consecuencia do resultado da avaliación inicial, adoptará as medidas pertinentes de apoio, ampliación, reforzo ou recuperación para aqueles alumnos e alumnas que o precisen.

Para iso, iniciaremos o curso con actividades para activar no alumnado os coñecementos e destrezas traballados con anterioridade, abordando os aspectos fundamentais que o alumnado debería coñecer ata o momento.

De igual modo, propoñerei actividades suficientes que me permitan coñecer o nivel de partida de cada estudante, co fin de realizar os axustes pertinentes no proceso de ensino-aprendizaxe, para adaptalo ás necesidades e características tanto do grupo como individuais para cada alumno ou alumna, de acordo co establecido no marco do

Plan de Atención á Diversidade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	18	17	17	16	16	16	100
Proba escrita	40	40	40	40	40	0	34
Táboa de indicadores	60	60	60	60	60	100	66

Criterios de cualificación:

Probas escritas/orais sobre os contidos da materia traballados na aula: 40%

Traballo de aula: 25%

Actitude cara a materia: 20%

Participación en experimentos/proxectos e produto final: 15%

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
- d) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
 - O nivel de coñecementos.
 - O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

6. Medidas de atención á diversidade

Con base na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regulan as medidas de atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación: como mestra titora de 1º curso de primaria, terei en conta a diversidade da totalidade do alumnado da aula, seguindo os principios de inclusión, individualización e normalización. Por elo, atenderei ao nivel psicoevolutivo dos e das estudantes do grupo e poñerei en marcha actuacións e medidas acordadas ás características e necesidades individuais,

co fin de aportar unha resposta adecuada e garantir o progreso educativo de todos os nenos e nenas.

Dende o inicio do curso e, grazas á avaliación inicial, a intervención asume os diferentes ritmos de aprendizaxe e os distintos intereses e motivacións. Así mesmo, tamén daremos resposta ás necesidades individuais que xa foron detectadas en cursos anteriores, contando co apoio do profesorado de PT e AL, segundo proceda.

Primeiro curso de Educación Primaria resulta clave para detectar novas necesidades no alumnado, xa que neste adquirense dinámicas e formas de traballo diferentes á Educación Infantil. Por iso, todo o profesorado que imparte clase ós nenos e nenas de 1º, prestará especial atención ás características individuais, comportamentos, actitudes, estilos de aprendizaxe... co fin de identificar se existe novo alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo, para poder dar unha resposta adaptada o máis temperá posible. Neste sentido, tamén é importante manter unha relación e comunicación estreita cás familias.

No caso de ser detectado algún caso, debe cubrirse o documento de derivación, facilitado polo D.O., para dar resposta de xeito normalizado e levar a cabo as modificacións e medidas pertinentes. En todo este proceso cóntase co asesoramento e participación do Departamento de Orientación do centro.

Dado que cada alumno/a ten as súas peculiares, características e que os seus ritmos de aprendizaxe soen ser distintos, a programación entende que deben realizarse actividades que reforcen as aprendizaxes duns, e actividades que amplíen as dos outros. Estas actividades de reforzo e de ampliación realizaranse, en todo momento, respectando a evolución individual de cada neno e nena e o seu ritmo de traballo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora, expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Espírito científico.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o consumo.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Non discriminación.	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Autonomía e emprendemento.	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Traballo en equipo.	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiro de alimentación saúdable (outubro 2023)	Obradoiro de alimentación sa e equilibrada organizada polo concello. Duración: 1,5 sesións.	X		
Celebración do Samaín (outubro 2023)	Celebración do samaín con actividades de centro e aula, como: creación de monicreques, tunel do terror, disfraces, pócimas en cabazas...	X		
Celebración do magosto (novembro 2023)	Celebración do magosto a nivel centro, coa degustación de castañas e xogos populares.	X		
Día Universal da infancia - 20/11/2023	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar a conmemoración.	X		
Día Internacional contra a Violencia de Xénero - 25/11/2023	Realizaremos diferentes actividades de aula e centro para celebrar a conmemoración.	X		
Día internacional das persoas con discapacidade - 03/12/2023	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar a conmemoración. Tamén a celebraremos acudindo ao "Festirititi".	X		
Festival de Nadal (decembro 2023)	Organizarase un festival a nivel centro para celebrar o nadal. A nivel aula, tamén realizaremos diferentes actividades sobre esta época do ano.	X		
Día internacional da Educación - 24/01/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula para celebrar a conmemoración.		X	
Día escolar da non violencia e da Paz - 30/01/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula e centro para celebrar a conmemoración.		X	
Celebración do entroido - (febreiro 2024)	Realizaremos diferentes actividades de aula e centro para celebrar o entroido.		X	
Día de Rosalía de Castro - 23/02/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula e centro para celebrar a conmemoración.		X	
Día internacional da muller - 08/03/2024	Realizaremos diferentes actividades de aula e centro para celebrar a conmemoración.		X	
Semana da prensa - 06/03/2024 a 10/03/2024	Realizaremos diferentes actividades sobre o tema e, un día da semana, traballaremos na aula con xornais.		X	
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas.	TI	100
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas dun xeito guiado.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado. - Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical. - Estratexias básicas de recepción activa. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante - O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión - Técnicas dramáticas e dancísticas elementais. - Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada unha das sesións, e con independencia do traballo específico a tratar nelas, o establecemento dunha rutina en cada unha delas permitirá desenvolver e brindarlle ao alumnado:

- Automatización nalgúnhas cuestións básicas a tratar ao longo de toda a etapa, axudando a aportar seguridade e confianza en si mesmo.
- Consecuentemente, fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando, ademais, nun maior goce das actividades, especialmente naquelas que conlevan o emprego de aspectos específicos das linguaxes relacionadas coa materia.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparatorio para esta, a través da relaxación, atención e concentración, logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa, tan necesario para calquera das actividades a realizar na sesión.

A tal fin, esta rutina adicará, alomenos, uns minutos (entre 5 e 10), especialmente ao inicio de cada sesión, a traballar

o seguinte, e, de xeito xeral, por esta orde e de pé:

-Consciencia e colocación da postura corporal.

-Respiración profunda e consciente, traballando cara o final a columna de aire para o canto.

-Notas, longas ao comezo, axudadas con fononimia.

-Fórmulas rítmicas de pregunta e resposta (4 pulsos con carácter xeral) co corpo e/ou coa voz.

No resto da sesión traballarase a parte central onde se desenvolverán os contidos correspondentes, finalizando cun período de relaxación duns 5 minutos, onde se escoitará música relaxante ou outro tipo de actividade que permita unha volta á calma.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Piano electrónico
Cartafol
Estoxo

Neste centro, cóntase con variados e suficientes instrumentos PAI e PAD, o cal permite que todo o alumnado poida tocar á vez sen necesidade de ter que establecer quendas rotatorias.

A aula é espazosa e as cadeiras están colocadas en forma de U para poder levar a cabo a danza e a interpretación instrumental no centro da mesma.

O ordenador de aula conta con software libre, LibreOffice entre outros, empregando os altofalantes, que están en bo estado, para a reprodución auditiva.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste (cartafol para fichas e estoxo).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 2 ou 3 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

-Alumnado do centro, do cal a persoa docente desta materia é máis coñecedora ao formar parte do equipo docente de infantil o curso anterior.

-Alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados.

Dita serie de probas consistirán na execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións que traballen os aspectos vocal, corporal e motriz e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro; ao mesmo tempo, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	16	17	16	17	17	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A meirande parte dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

- Canto e práctica instrumental: 33%
- Danza e movemento: 33%
- Traballo diario e participación: 33%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- Se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- Se o decimal está entre 5 e 99 o numero enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. O procedemento será o seguinte:

- Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora mediante correo electrónico) a través da axenda do alumnado e/ou do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste e/ou dunha interpretación instrumental, etc.).
- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido

anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos de linguaxe musical ou cuestións técnicas interpretativas) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo; por iso realizaranse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/Actividades adicionais para aquel alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais da clase.

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como: emprego de grafías de maior tamaño; priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación: oral, escrita, visual e/ou táctil; énfase no aspecto de índole globalizador, coordinación motriz, lateralidade e/ou psicomotricidade fina, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X

Observacións:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a concertos	Ao longo do curso asistiremos a varios concertos/obras de teatro musicais do noso e outros concellos.	X	X	

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Apoíouse a implicación das familias no traballo do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.

Outros
Realizouse unha enquisa ao alumnado sobre a práctica docente.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eivadas recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado recollerase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada UD revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:
 - Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
 - No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
 - Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
 - Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:
 - Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
 - Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACIS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores,

os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001471	CEIP Praia Xardín	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	26
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	30
9. Outros apartados	30

1. Introducción

Presentamos a Programación da asignatura de Relixión e Moral Católica. Esta Programación constitúe a concreción de todo o traballo a realizar no curso, razón pola que resulta de utilidade á hora de desenvolver o ano escolar e facilitar a súa lectura e comprensión por parte de todos os membros da comunidade educativa.

A Formación Relixiosa e Moral Católica conta con unha larga tradición no sistema educativo español e, respondendo as razóns da institución escolar e aos dereitos recoñecidos pola Constitución española, está garantida polo Acordo suscrito entre o Estado e a Santa Sede sobre Ensinanza e Asuntos Culturais, firmado o 3 de xaneiro de 1979, no que se establecen os principios que fan posible as garantías constitucionais. Coa incorporación da área de Relixión ao currículo de Educación Primaria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito a unha educación integral e o dereito das familias a elixir a educación dos fillos.

A área de Relixión Católica, favorece o proceso educativo, contribúe á formación integral e desenvolvemento da personalidade do neno e nena. Contribúe á autonomía personal e ao proxecto vital, con liberdade e responsabilidade, en diálogo coa antropoloxía cristiá. Responde á necesidade de comprender e mellorar nosa tradición cultural, as súas expresións e significado, en contextos plurales e diversos. Complementa a educación en valores humanos e cristiáns que orienta unha identidade personal autónoma, asertiva e a súa inserción nos entornos comunitarios de pertenza. O currículo da ensinanza da relixión católica constitúe unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, adecuada a idade do alumno, ás esixencias epistemolóxicas da materia, ás expresións culturais da contorna e ás demandas didácticas do sistema educativo. Enmárcase no contexto histórico e social, inclúe parte do acervo cultural e artístico que emana da fe católica e doutras confesións, e posibilita o análise comparado dos contidos en diálogo coa cultura de noso tempo.

A síntese da mensaxe cristiá, presentada no currículo, fundamenta e motiva valores e actitudes así como favorece hábitos de comportamento. Preténdese que o alumno adquira as competencias adecuadas á súa idade no tempo da cada etapa. Non pode existir unha formación integral e, polo tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolven tódalas capacidades do ser humano, entre as que se atopa a capacidade transcendente. Esta capacidade básica adquire o seu cumprimento na búsqueda do sentido da vida. Enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubrindo (tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios da cada idade) nos símbolos e signos da contorna, no progreso e humanización da persoa, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns e, particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

Neste contexto, tomando sempre ao alumno e alumna (coas súas características evolutivas, as súas circunstancias persoais, o seu distinto nivel de aprendizaxe, coas súas diferencias e necesidades) como soporte fundamental intentamos facer unha síntese básica e global da mensaxe cristiá, axeitada ao alumnado, ás esixencias da materia, ás expresións culturais e ás demandas didácticas do sistema educativo.

Na planificación da programación seguimos:

- Resolución do 21 de xuño de 2022, pola que se publican os currículos das ensinanzas de Relixión Católica correspondentes a Educación Infantil e Educación Primaria.
- Real Decreto 157/2022, 1 de marzo, establece a ordenación e ensinanzas mínimas da Educación Primaria, indica que as ensinanzas de Relixión se incluírán nesta etapa educativa e o currículo será competencia da xerarquía eclesiástica.
- DECRETO 155/2022, 15 de setembro, no que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos clave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural algunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autocoñecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Creación	Os dons de Deus na Creación	10	4	X		
2	Biblia	Significado, partes	10	4	X		
3	Advento e Nadal	Sentido destes tempos litúrxicos	15	5	X		
4	Ensinanzas de Xesús	Ensinanzas e parábolas	10	4		X	
5	Falar contigo	A oración/diálogo	10	4		X	
6	Coresma, Semana Santa e Pascua	Sentido destes tempos litúrxicos	15	4		X	
7	A Igrexa	A Igrexa como familia	10	3			X
8	As festas	As festas cristiáns	10	3			X
9	Tempos litúrxicos. Pentecoste	Sentido dos calendario litúrxico	10	4			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Creación	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoas co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Recoñe algúns personaxes bíblicos	PE	60
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Identificar actitudes de Ben nunhas escenas		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Describe dúas situacións onde se aprecia fragilidade e da solucións		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	Relaciona dúas pasaxes bíblicas en distintas expresións artísticas		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	Coñece e comprende algunha narración onde se plasma situacións		
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconceito axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Recoñecer as súas responsabilidades cos amigos, na escola e na familia		
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica nunhas láminas principios de respecto, afectividade e solidariedade	TI	40
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Recoñece actitudes de respecto e coidado coa Creación		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndolos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Coñece aos personaxes do Edén e a súa mensaxe		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus. - Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade. - Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret. - Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos. - Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.

Contidos

- A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.
- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.
- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.
- Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.
- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.
- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	Biblia	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoas co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Identifica algún relato e personaxe bíblico nunhas escenas	PE	70
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Identifica algún relato e ilustración con resolución pacífica de conflitos		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Describir 2 situacións nas que é necesario empatizar e axudar		
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	Relaciona dúas pasaxes bíblicas en distintas expresións artísticas		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	Coñece e identifica narracións e biografías		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Recoñece e distingue a figura de Xesús		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Recoñece algunha característica persoal positiva ou negativa	TI	30
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoo no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica algunhas das súas emocións e sentimentos		
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrindo o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Valora a Biblia como libro sagrado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus. - Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade. - Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret. - Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos. - Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna. - Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo. - A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade. - A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá. - Actitudes e accións que promoven a fraternidade.

Contidos

- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.
- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
3	Advento e Nadal	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica algún dos seus vínculos personales	PE	70
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Identifica actitudes de respecto ao alleo		
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Distingue actitudes de Ben nunhas escenas.		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Identifica actitudes empáticas nuns relatos		
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	Relaciona o relato do Nadal con dúas expresión artísticas		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Identifica mostras de fe cristiá no Advento e no Nada		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Comprende e resume coas súas palabras a verdadeira mensaxe do Nadal		
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoas co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Identifica os personaxes bíblicos do Nadal	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Identifica algunha das súas características negativas ou positivas		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	Identifica relatos do Nadal		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica sentimentos e vivencias dos personaxes do Nadal		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus. - Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade. - Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret. - A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá. - Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos. - Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade. - Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna. - Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes. - Xesucristo, centro da mensaxe cristiá. - María, a Nai de Xesús. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.

Contidos
- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.

UD	Título da UD	Duración
4	Ensinanzas de Xesús	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Recoñece 2 vínculos e comportamentos de Xesús	PE	70
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Recoñece 2 vínculos e comportamentos de coidado da Creación		
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Identifica comportamentos de Ben nunhas láminas		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Identifica necesidades alleas e pensa como darlle axuda		
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	Relaciona dúas pasaxes sobre as ensinanzas de Xesús e as súas representacións artísticas		
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Recoñece algunha das súas características e capacidades	TI	30
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconhecimento persoal e as vivencias dos outros.	Identifica comportamentos que favorecen a convivencia		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Recoñece a Xesús como modelo a seguir e o expresa		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.

Contidos

- Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano.
- Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade.
- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.
- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.
- Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret.
- A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.
- Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos.
- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.
- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.
- Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso.
- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.
- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.
- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.
- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.
- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.
- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.
- Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón.
- Biografía significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos.

UD	Título da UD	Duración
5	Falar contigo	4

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Recoñece 5 vínculos e comportamentos de Xesús en relación ao diálogo	PE	70
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	Relaciona pasaxes bíblicas de diálogo e diferentes expresións artísticas		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	Identifica narracións de diálogo		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndolos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica sentimentos e vivencias de diálogo e oración		
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Recoñece características propias que levan ao diálogo e oración	TI	30
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Identifica algunha situación favorecida polo diálogo		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
